



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Lugo acolle unha nova edición do encontro profesional **Habitación Peregrina PRO**

Compañías de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra participan na proposta, que conta coa presenza de figuras como Patricia de Lorenzo, XRon, Marta Alonso Tejada ou Mounqup

Anxo Manoel, de Lucecús Teatro, recolle o II Premio Julio Peña, galardón que reconece os valores de cooperación de CEN

Camiño Escena Norte terá este sábado, 21 de setembro, a súa primeira parada en Outes, coa función de novo circo para público adulto *La casa de los dedos*

Lugo, 18 de setembro de 2024- Camiño Escena Norte, o programa de intercambio cultural a través das artes escénicas entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, celebra esta semana no centro sociocultural O Vello Cárcere de Lugo unha nova edición do encontro profesional **Habitación Peregrina PRO**. Trátase do **espazo de convivencia** do CEN onde as compañías dos cinco territorios participantes no proxecto entran en contacto, dun xeito máis próximo, á fin de coñecer as liñas de traballo e propostas estéticas dunhas e doutras; mais tamén profundan na realidade dos distintos circuitos de programación, exploran vías de coprodución e acceden a propostas de formación que sexan de interese para o seu desenvolvemento profesional.

Habitación Peregrina PRO comezou este martes cun **obradoiro sobre teatro accesible** impartido polo Grupo Chévere (Premio Nacional de Teatro 2014), no que Patricia de Lorenzo e XRon partiron do traballo realizado na peza *Helen Keller, a muller marabilla?* Xa pola noite, tivo lugar a entrega do **II Premio Julio Peña**, outorgado a un profesional das artes escénicas polo seu compromiso e defensa dos valores de cooperación de CEN, e que este ano recaeu no galego **Anxo Manoel, de Lucecús Teatro**. A escultura foi realizada pola galega Esther Quintas.

Na mañá deste mércores, as e os participantes en Habitación Peregrina PRO recibiron a visitada Deputada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación de Lugo, **Iria Castro**; e da edil de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, **Maite Ferreiro**;

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

en representación das institucións luguesas que colaboran no desenvolvemento de Camiño Escena Norte.

Previamente, as e os asistentes tiveron ocasión de abordar o potencial transformador das **artes escénicas desde un enfoque sostible** a través dun parladoiro impartido polas consultoras María Baqueiro e Arantxa Estévez, impulsoras do Pacto Cultura Sustentable. A formación continuará mañá, nunha sesión na que Patricia Hermida (presidenta AGEM e responsable de Dotbeat) impartirá un taller sobre **cuestións legais e fiscais** claves para as compañías no seu día a día. Ademais da formación, este ano CEN promove a celebración de novos espazos de encontro informais no Habitación Peregrina PRO. É o caso da actividade *iDiscoteca de Señoras... y Señores también!*, que conta coa bailarina Marta Alonso Tejada e coa cantante Mounqup como anfitrías.

Camiño Escena Norte chega a Outes por primeira vez

Este sábado, 21 de setembro, as funcións do ciclo itinerante Constelacións chegarán por vez primeira a **Outes**. A compañía cántabra **El Conejo Salvaje**, que aposta por unha creación interdisciplinar na que xunta as técnicas de clown, circo, comedia física e teatro cómico-xestual, interpretará o seu espectáculo **La casa de los dedos**. A peza, dirixida a público adulto, presenta a historia dunha barraca de feira que, mentres percorre distintas vilas de España, mostra o mundo sorprendente e extraordinario do oculto, do alén, das criaturas fantasmagóricas e inexplicables que viven entre a poboación, mais pertencen ao mundo dos mortos.

As entradas para a única función en Galicia de **La casa de los dedos**, que terá lugar o día 21 a partir das 21.00 horas no auditorio da Casa da Cultura de Outes, pódense adquirir a través da plataforma web www.bandoticket.com

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com






camión
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea



PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com






camión
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea



PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com

